XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

CEIP DE MESÓN DO VENTO

O Mesón do Vento
15869 Ardemil (San Pedro)
☎ 881 880 894 🖹 881 880 895
ceip.meson.vento@edu.xunta.gal
edu.xunta.gal/centros/ceipmesonvento

# PROCEDEMENTO PARA O PAGO DA TAXA COMEDOR A TRAVÉS DO ABALAR

Acceder á ligazón: http://www.edu.xunta.es/espazoAbalar/




Premer o acceso aos servizos: 




Nesta páxina debemos identificarnos para poder acceder. Temos 2 opcións:

*Con Chave 365:




*Ou con certificado dixital:




Unha vez dentro, xa nos aparece o expediente do alumno ou alumnos, no caso de ter varios fillos escolarizados.




*De ter varios fillos, hai que seguir este procedemento por cada un deles (pago individual por alumno).

Facemos clic no expediente: “ver alumno” para acceder ao mesmo:




Accedemos a opción: "servizos complementarios", na que podemos ver as informacións relativas ao transporte e comedor do alumno en cuestión:







É moi importante ter en conta as informacións destacadas na propia páxina, posto que teñen que ver -precisamente- co pago da taxa do comedor.

Para poder realizar o pago do mes en curso, ten que estar dispoñible o impreso e o pago telemático en dito mes:

| Mes | Descrición | Quenda | Días | Impreso | Pago telemático |
|---|---|---|---|---|---|
| Xuño | Abono [redacted] Euros | Quenda única | 0 | | |
| Maio | Abono [redacted] Euros | Quenda única | 0 | | |
| Abril | Abono [redacted] Euros | Quenda única | 0 | | |
| Marzo | Abono [redacted] Euros | Quenda única | 0 | | |
| Febreiro | Abono [redacted] Euros | Quenda única | 0 | | |
| Xaneiro | Abono [redacted] Euros | Quenda única | 0 | | |
| Decembro | Abono [redacted] Euros | Quenda única | 0 | | |
| Novembro | Abono [redacted] Euros | Quenda única | 0 | | |
| Outubro | Abono [redacted] Euros | Quenda única | 0 | | |
| Setembro | Abono [redacted] Euros | Quenda única | 15 | | CIXTEC Centro Informático |

** O impreso dun mes estará dispoñible para a súa descarga nos primeiros días do mes seguinte.*
** O pago das taxas non está dispoñible entre as 23:00 e as 02:00 por mor das tarefas de mantemento.*

Se prememos encima da icona podemos descargar o impreso da taxa correspondente a ese mes. E para proceder ao pago telemático da mesma, temos que premer a icona CIXTEC Centro Informático, que nos levará -directamente- a pasarela onde poder realizar o pago (con tarxeta bancaria).






**Información relevante:**

-Continuar todo o proceso do pago ata o final, para evitar incidencias. A pasarela de pago debe confirmar que este se procesou correctamente.

-Desde a dirección do centro recoméndase realizar o pago por este procedemento, xa que, o xustificante do mesmo queda rexistrado na plataforma e non sería preciso presentar o resgardo do pago en papel no centro escolar.

Neste sentido todo son vantaxes:

*Evitamos que o responsable do centro teña que rexistrar os pagos dos xustificantes recibidos en papel na aplicación de COMEDORES ESCOLAR, que teñen habilitada para ese fin. Xestionar o pago polo Abalar fai que xa quede rexistrado como "realizado" en dita aplicación.

*Evitamos que as familias teñan que achegarse a unha entidade bancaria para proceder ao pago da taxa correspondente.

*Aforramos en papel, ao non estar obrigados a entregar o resgardo do pago no centro escolar.

De todos xeitos, se fose preciso presentalo por calquera incidencia, ao final do proceso de pago a plataforma permite a descarga dun resgardo e, na páxina dos servizos complementarios, premendo a icona de pago telemático dun mes xa pagado, o sistema xa procede, de maneira automática, á descarga do resgardo do pago relativo a ese mes:

| Mes | Descrición | Quenda | Días | Impreso | Pago telemático |
|---|---|---|---|---|---|
| Xuño | Abono [redacted] Euros | Quenda única | 0 | | |
| Maio | Abono [redacted] Euros | Quenda única | 0 | | |
| Abril | Abono [redacted] Euros | Quenda única | 0 | | |
| Marzo | Abono [redacted] Euros | Quenda única | 0 | | |
| Febreiro | Abono [redacted] Euros | Quenda única | 0 | | |
| Xaneiro | Abono [redacted] Euros | Quenda única | 0 | | |
| Decembro | Abono [redacted] Euros | Quenda única | 0 | | |
| Novembro | Abono [redacted] Euros | Quenda única | 0 | | |
| Outubro | Abono [redacted] Euros | Quenda única | 0 | | |
| Setembro | Abono [redacted] Euros | Quenda única | 15 | | |

Por último, para adquirir a chave 365 tendes 2 xeitos:

- **De maneira electrónica a través desta sede**, mediante o procedemento de alta en Chave365. Neste caso a alta é inmediata. Para solicitala necesita ter instalado no navegador un certificado electrónico válido para ese mesmo NIF, ou o DNI electrónico.

- **De maneira presencial**, dirixíndose a calquera dos órganos ou unidades administrativas da Xunta de Galicia que realicen as funcións de rexistro de usuarios Chave365, que pode consultar nesta relación. Debe acudir persoalmente e acreditar a súa identidade mostrando o documento de identificación válido e vixente: DNI ou NIE orixinais, válidos e vixentes.

➔ Oficina comarcal de Ordes: https://goo.gl/maps/aav8LF3gDytM7WLF9

Rúa de Galicia, 15680 Ordes, A Coruña